

## **A FORMACIÓN INICIAL DO PROFESORADO DE ENSINANZAS INFANTIL E PRIMARIA**

**M<sup>a</sup> Dolores Candedo Gunturiz, Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña**

M<sup>a</sup> Dolores Candedo Gunturiz, pedagoga e profesora na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña desde 1990. Imparte docencia nas titulacións de Mestre, Educación Social e Psicopedagogía. Os dous eixes básicos de interese no ámbitos da investigación e da docencia son a educación en valores e as políticas culturais no marco da administración local, respecto dos cales ten distintas aportacións. Ocupou diferentes cargos de xestión, sendo Decana da Facultade de Ciencias da Educación da UDC no período 2000/05.

Nos últimos anos producíronse algúns avances na incorporación os curricula de formación do profesorado de ensino infantil e primario das temáticas relacionadas coa formación en igualdade.

Na década dos 90, despois da promulgación da LOXSE, existiu nos Centros Universitarios encargados da formación de mestres e mestras unha certa preocupación por incorporar aspectos formativos relacionados coas temáticas transversais. Dependendo dos planos de estudos de cada universidade e titulación, este proceso tivo distintos ritmos e intensidades, e, en certa medida reflectiu un certo paralelismo co que sucedía nos niveles universitarios respecto destas temáticas. A súa ubicación nos curricula a través de materias concretas era, en moitas ocasións, un proceso complexo porque as prioridades situábanse arredor das parcelas do coñecemento que tradicionalmente se asociaban á formación do profesorado, relegándose a formación en cuestións transversais a unha presenza practicamente testimonial, a través, en todo caso, de materias optativas ou de libre elección.

A formación en igualdade recibiu neste sentido un trato similar o de outras temáticas transversais, si ben hai que recoñecer que presentaba maior dificultade a defensa dun espazo propio no currículo para este tipo de formación que si se trataba de temáticas como “Educación ambiental” ou “ Educación para a saúde”, por exemplo.

Se revisamos os curricula da formación inicial do profesorado de infantil e primaria co ánimo de constatar a presenza de materias específicas relacionadas coa formación en igualdade atopáronos, xa que logo, cun baleiro importante. Agora ben, isto non significa que desde áreas ou materias de carácter máis xeral non se aborden distintos aspectos sobre a formación en igualdade. Así, tanto desde o ámbito da Socioloxía, canto da Psicoloxía ou da Pedagogía, así como das materias de contido disciplinar ou desde o campo das didácticas específicas podemos atopar aportacións neste sentido. Moitas destas aportacións sitúan entre os seus obxectivos formativos a pretensión de desvelar discursos e prácticas educativas que representan un obstáculo para a consecución da igualdade, e, propor alternativas.

Con todo é preciso recoñecer que estas aportacións son máis un produto da reflexión individual ou de pequenos grupos de docentes con interese na materia que nos ocupa, que reflexo dunha reflexión colexiada e institucional acerca da necesidade de formar ao profesorado para que sexa un axente impulsor dunha escola coeducativa. Esta falta de reflexión acerca dun perfil claro do profesional que se pretende formar non afectou de

maneira exclusiva á formación en igualdade, senón que, desafortunadamente é expoñente duns procedementos de actuación pouco permeables ás demandas formativas que á profesión docente reclamaba, en sintonía coas funcións sociais que tiña e ten encomendadas.

Na actualidade a universidade está inmersa nun proceso de converxencia con Europa que afecta o deseño das titulacións. En principio os procedementos que se propoñen recoñecen como imprescindible a definición dun perfil profesional claro, cunhas competencias contrastadas co contexto no que vai desenvolver as súas tarefas. Este horizonte, xunto coa experiencia acumulada na formación en igualdade nos distintos niveis de ensino debora entenderse como unha oportunidade para reivindicar un maior compromiso por parte das institucións responsables da formación do maxisterio, e, de outros profesionais da educación con funcións moi importantes en procesos educativos de carácter non formal.

Os Planos de Estudos das titulacións de Mestre que se imparten na Facultade de CC. Educación da UDC son do ano 1995. Isto quere dicir que a discusión previa sobre as materias e contidos curriculares desenvolveuse nun contexto no que se estaban introducindo cambios importantes no sistema educativo como consecuencia da aprobación da LOXSE en 1990.

En grande medida, a incorporación das temáticas transversais ao currículo de maxisterio pretendeu vincular a formación inicial dos mestres e mestras co interese que a LOXSE lle concedeu a estas temáticas, tanto nos obxectivos previstos para as distintas etapas e niveis educativos, canto nos correspondentes deseños curriculares. Así, coa introdución das temáticas transversais no currículo dos niveis de ensino non universitario, a formación en igualdade ou, se se quere, a problemática asociada o papel da educación na construción e desenvolvemento dos roles de xénero como contido curricular atopa unha oportunidade e sobre todo unha xustificación para formar parte da formación inicial do maxisterio.

¿Quere isto dicir que ate ese momento non existía ningún contido curricular artillado en torno a esta temática? Evidentemente, non. Desde distintas materias, por propio interese dos e das docentes encargadas da súa impartición, abordábanse distintos aspectos asociados a esta temática.

Sen embargo a partir dese momento e da oportunidade que se crea para actualizar o currículo da formación inicial do maxisterio, a formación en igualdade e tamén outros temas que se acollen baixo a denominación de transversais, adquiren unha maior visibilidade de cara ao debate para a súa inclusión como contido curricular. Digamos que esta circunstancia convértese nunha apoiatura moi interesante para que esta problemática en particular non se entenda como a preocupación ideoloxizada do profesorado con veleidades feministas, e, poda ocupar un lugar no debate máis institucional, por pequeno que este sexa.

A propia amplitude e complexidade dos aspectos que se poden abordar desde a formación en igualdade, así como as dificultades derivadas da elevada demanda de contidos formativos que pretendían facerse un oco na formación do maxisterio aconsellaron un tratamento transversalizado que difuminase en distintas materias do currículo os seus tópicos máis importantes. Así, desde materias de carácter psicopedagóxico, particularmente tamén desde a socioloxía, ou desde distintas asignaturas referidas aos contidos científico-culturais e as súas didácticas abordáronse aqueles aspectos que desde a perspectiva de cada disciplina podían contribuír a cuestionar visións estereotipadas dos roles de xénero, intentando presentar análises e propostas alternativas.

Ademais destas aportacións, aquelas asignaturas relacionadas coa educación en valores, introduciron a formación en igualdade, xunto con outras temáticas de carácter transversal, desde unha visión de conxunto, tentando promover entre os seus obxectivos o cuestionamento dos valores dominantes na sociedade, e , o traballo educativo a prol daqueles valores baseados nos dereitos humanos, na procura dunha escola máis democrática e coeducativa. Finalmente, de maneira similar o acontecido con temáticas transversais tales como a “Educación para a paz”, a “Educación para a saúde” “Educación ambiental” ou “Multicultural” logra introducirse, sempre con carácter optativo, ou como oferta de libre configuración, algunha materia específica, referida exclusivamente os tópicos propios da formación en igualdade.

A situación descrita ate agora ten, xa que logo, elementos potencialmente moi aproveitables, posto que de maneira transversal e desde distintas perspectivas científicas incídese en aspectos relacionados coa formación en igualdade, e existe a posibilidade de que o alumnado máis interesado na temática poda ter unha formación máis específica que lle permita unha visión máis ampla e fonda, vinculada a formación en valores e conectada coas demandas da sociedade.

Sen embargo, compre tamén salientar os aspectos máis febles, por exemplo:

- A decisión de incorporar contidos na liña da formación en igualdade, en distintas materias do currículo é unha decisión dos e das docentes máis sensibilizadas, non é por tanto resultado dunha reflexión colectiva ou institucional que toma como referente as necesidades formativas dun mestre ou dunha mestra que ten encomendadas determinadas funcións sociais. Aínda que, si ben de un modo difuso, a institución asume que debe darse unha resposta a este tipo de cuestións, pero non se entende como prioritario, e en todo caso, ante outras demandas formativas máis consolidadas ou que teñen “maior marketing”, pode perder a batalla. Como sucede tamén no tratamento doutras temáticas, non sempre hai unha planificación coordinada para que ese traballo sexa efectivamente transversal, existindo solapamentos innecesarios e persistindo, á vez, baleiros importantes
- A presenza de materias específicas o ser de carácter optativo ou de libre elección, limita moito as posibilidades de xeneralizar este traballo a todo o alumnado. Ademais, en xeral, as materias optativas teñen un menor número de créditos e están suxeitas as decisións que se adopten sobre a conveniencia da súa oferta periódica, porque “compiten” con outras.

Dentro das posibilidades e sobre todo das limitacións digamos estruturais enunciadas, podemos concluír, entón que, no caso que nos ocupa, a formación inicial do profesorado incorpora tópicos relacionados coa formación en igualdade, pero non dunha maneira suficientemente sistematizada que permita aproveitar as aportacións de maneira interdisciplinar e orientadas ao desenvolvemento das funcións socioeducativas do profesorado no marco dunha escola coeducativa.

Entrando máis polo miúdo nos PROPÓSITOS que as orientan e nas TEMÁTICAS nas que se traballa desde as materias que inclúen aspectos relacionados coa formación en igualdade, sen pretensión de exhaustividade, atopámonos con OBXECTIVOS tales como:

- Procurar a explicitación por parte do alumnado das súas crenzas, tópicos, prexuizos ou dúbidas sobre o sistema sexo-xénero.

- Aportar claves e estratexias de pensamento para que sexan capaces de visibilizar as concepcións sociais sobre a distribución de roles por razón de sexo.
- Contribuír a que cuestionen a aparente neutralidade de certos aspectos da realidade social, considerando a importancia da linguaxe para desvelar ou ocultar relacións baseadas na discriminación.
- Proporcionar elementos de análise para entender as principais manifestacións de sexismo na escola actual( na linguaxe, na ocupación de espazos, nos contidos curriculares, na interacción profesorado-alumnado e entre iguais, e no material didáctico)
- Promover a análise de propostas educativas e recursos didácticos pensados desde a perspectiva dunha escola coeducativa.

No tocante os CONTIDOS que se abordan atopámonos con tópicos relacionados con:

- O concepto de xénero nas ciencias sociais ( con apelacións a historia e a socioloxía, antropoloxía e psicoloxía ) e teorías actuais.
- O desenvolvemento da identidade sexo-xénero no ciclo vital.
- Indicadores de desigualdade entre xéneros no proceso de socialización ( a linguaxe,a violencia como modelo de relación, os roles familiares e no ámbito doméstico, a construción de xénero no marco escolar e noutras instancias de socialización como o deporte, as actividades de tempo libre ou os medios de comunicación )
- O androcentrismo na ciencia.
- A presenza da muller no mundo da ciencia, da cultura e do ensino. Análise histórica e situación actual.
- A educación para a igualdade na diferenza
- A coeducación. Visión histórica e perspectivas actuais.
- A coeducación como tema transversal. Recursos e experiencias.

Dada a importancia concedida o desvelamento de prácticas e discursos sexistas aparentemente neutrais, e a necesidade de incorporar un traballo decidido a prol da coeducación, as prácticas concretas que incorporan estas materias relaciónanse coa aprendizaxe de PROCEDEMENTOS METODOLÓXICOS relacionados con:

- Análises reflexivas sobre as propias ideas e vivencias en relación os roles de xénero socialmente tipificados. ( rexistros de observación, análise de discursos, escalas de actitudes, grupos de discusións , cinefórum, librofórum, xogos de simulación e de roles...)

- Presentación e análise de textos de distinto carácter nos que se expón unha visión androcéntrica da realidade, ou nos que se expresan prexuízos en relación á muller e as súas posibilidades nos distintos ámbitos da vida en sociedade.
- Análise de situacións escolares nas que persiste unha perspectiva sexista (pautas de observación e rexistro para o uso de espazos, na elección de actividades, na interacción entre o alumnado e o profesorado e entre iguais, etc )
- Análise de recursos didácticos (libros de texto, contos, e outros materiais ) a través de pautas que permiten visibilizar a presenza de estereotipos sexistas, ou, no seu caso, de superación dos mesmos.
- Análise de mensaxes producidos a través dos medios de comunicación, especialmente da publicidade, e o seu impacto na imaxe que de si mesmas teñen as mulleres e na naturalización de situacións de discriminación.

Si ben moito do traballo práctico orientase o servizo do desvelamento de discursos e prácticas sexistas aparentemente neutrais a través de pautas de observación, indicadores, etc., outra parte tamén importante, ten que ver coa presentación de recursos alternativos, experiencias concretas, na liña das boas prácticas en relación á coeducación, propondo a implicación do alumnado na creación de recursos nesta dirección (producción dun material didáctico determinado, condución dun videofórum ou librofórum, deseño dun xogo de roles...)

Como pode observarse tanto os obxectivos, canto os contidos e os procedementos metodolóxicos constitúen un potencial importante para a formación en igualdade.

### ¿QUÉ PODEMOS DECIR QUE QUEDA DE TODO ISTO?

Non habendo unha avaliación sistemática para coñecer se realmente se produce unha maior sensibilización e un cambio cara a actitudes de menor tolerancia fronte a discriminación e de compromiso cun traballo nesa dirección, pódese afirmar que, segundo as impresións do profesorado en termos xerais, o alumnado que tivo ocasión de realizar un traballo de continuidade a través de distintas materias, pero sobre todo aquel que poida centrarse de modo específico nestas temáticas, manifesta con moita frecuencia cambios que se relacionan con aspectos tales como: o uso da linguaxe, a preocupación por saber máis escollendo a realización de traballos sobre esta temática, ou procurando de modo autónomo lecturas e recursos didácticos para afianzar este punto de vista.

Constátase unha diferenza importante no manexo das claves para analizar a realidade social e escolar, escoller recursos didácticos ou propor actividades entre o alumnado que, ou ben non se sentiu concernido especialmente a pesar de ter recibido formación sobre algún dos tópicos sinalados, ou non tivo formación algunha ao respecto, e aquel alumnado para o que a formación en igualdade recibida aportoulle significatividade suficiente dándolle a capacidade de interpretar a realidade e propor alternativas para a súa mellora.

Con referencia ao futuro hai algunhas cuestións que deberían considerarse, tendo en conta a experiencia destes anos, os logros acadados e sobre todo as limitacións por superar. Así, no novo deseño da formación do maxisterio e doutros profesionais da educación que está en proceso de debate deberán poñerse en valor os seguintes aspectos:

1. Partir dun perfil profesional claro con competencias asociadas as funcións socioeducativas que ten encomendadas. Neste sentido as finalidades do sistema educativo os propios obxectivos para os distintos niveis educativos que recolle a LOE constitúen un punto de partida, así como a apelación a contribución do sistema escolar, incluído o nivel universitario, a igualdade e a prevención da discriminación e da violencia de xénero que establece a Lei integral contra a violencia de xénero.
2. En base o establecemento de competencias de distinto carácter ( saber, saber facer e saber estar ou ser ) en relación a formación en igualdade , e construír aquel programa formativo que sexa capaz de promover o seu desenvolvemento.
3. Afondar nas aportacións de carácter transversal que se podan facer desde distintas perspectivas científicas, pero reclamando unha maior sistematización e coordinación interdisciplinar das mesmas desde a perspectiva do programa formativo da titulación.
4. Outorgar un lugar no currículo a materias de carácter específico que asuman unha visión de conxunto sobre a formación en igualdade, de maneira que sempre exista esta oferta formativa a disposición do alumnado.
5. Establecer relacións de traballo colaborativo entre as institucións universitarias encargadas da formación inicial do maxisterio coa realidade das escolas e institutos, a través de proxectos de investigación-acción, nos que o estudantado poda realizar tamén parte das súas prácticas, a fin de reforzar e dar continuidade nas diferentes etapas educativas o traballo coeducativo.